


Para facer :



Ediciones Oniro ofrécenos estes dous títulos exquisitos:

Experimentos sencillos de química en la cocina.
(Vecchione, Glenn)


Ciencia mágica en la cocina.
(Richard Robinson)

Ámbolos dous con sinxelos experimentos no gran laboratorio que hai en tódalas casas: a cociña!

Procesos como , fritir, cozer, bater, amasar.... Vistos desde o punto de vista da ciencia.

Unhas pequenas xoias para disfrutar en familia

Para ver :



Deliciosa Marta

(Sandra Nettelbeck)

Martha é unha encantadora cociñeira que realiza verdadeiras obras de arte nun pequeno restaurante de Hamburgo. Introvertida, casi sen vida social dedícase en corpo e alma ao seu traballo. Pero a súa vida cambiará de repente cando sua irmá, morre nun accidente e Martha ten que se facer cargo da súa sobriña de oito anos.

Un toque de canela

(Tassos Boulmetis)

O protagonista lembra a súa vida e o que lle ensinou seu avó. E sempre, como telón de fondo: a comida, a cociña, os sabores... Fermosa.



Ratatouille

Brad Bird

Remy, unha rata, aspira a se converter nun famoso chef francés

Estamos en:

<http://bemilladoiro.blogspot.com>

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmilladoiro/>

CEIP MILLADOIRO. MALPICA

...e
**comeron
perdices**

**Guía de Lecturas
recomendadas
Verán 2012**

Os contos de sempre...

Este foi para nós o ano dos contos. A nosa primeira guía chamouse *Erase unha vez...* que é como comezan os contos.

E a esta última chamámola *Comeron perdices*. Que é como rematan os contos.

E será monográfica sobre a comida e a cociña.

Escollemos textos e películas que viran arredor deste tema que resulta igualmente atractivo e seductor para grandes e pequenos.

Efectivamente, a comida aparece en moitas historias como eixo vertebrador do argumento. É un asunto básico. E nenos e nenas sintense moi atraídos polo tema: os primeiros traballos compartidos, un momento familiar, un xeito de celebrar...

Pois aí van algunhas historias para compartir, libros para cociñar, películas para saborear, algunha novela sobre os aspectos máis delicados como os transtornos da conducta relacionados coa comida...

Esperamos que os disfrutedes e que axuden a pasar un vran inesquecible.

Felices vacacións!

Para ler:



O sabor dos sabores

Ed, A Nosa Terra

Conto popular con princesa incluída



O papón

Pablo Albo


OQO editora

Un personaxe que está presente en tódalas culturas.

La sociedad literaria y el pastel de piel de patata de Guernsey

Mary Ann Shaffer e Annie Barrows
RBA editores

Unha galería de personaxes, todos amantes dos libros, tenta sobrelevar a ocupación nazi organizando un club de lectura en torno a un pastel de patata.




Chocolate amargo.

Mirjam Pressler.

Alfaguara

A historia dunha adolescente acomplexada co seu físico,



Las chicas de alambre

Jordi Sierra y Fabra.

Alfaguara Juvenil



Para facer:




Catro títulos da editorial Ouvirmos con receitas de cociña que nenos e nenas poden elaborar doadamente.



Este curso foron un éxito dentro da nosa biblioteca e tódolos fins de semana saían camiño dalgunha casa na que foron moi, moi usados.



Para cociñar e compartir!



Viaje a los países de los mil aromas.

Un libro de Manos Unidas para cociñar... de todo

CEIP Milladoiro
Rede de Bibliotecas Escolares de Galicia